

**textos para as divas ávidas
2000-2001**

Nimrod (Variacións Enigma, IX)

Edward Elgar

podería dicirvos que vou namorada dela
dicírvolo
que é dela
que levanta a terra como por encima dun universo
e faise minúscula e come de min
come de min
con tal obediencia
come de min
que hei amarte para sempre, aínda que amar signifique a
batalla e o gozo e altísima caída de ti
aínda que a vida sexa isto, isto que reteño como por entre as
mans
isto
nada máis

e ti iso
iso nada máis

namentres ti me precipitas
me abres
namentres ti a barbarie ti a furia
ónde protexerme, pois que me vives dentro
ónde fuxir, pois que en toda min estás
i eu quero para sempre este eu son que se eterniza
namentres ti
adelgázaste como a crin dunha egua fértil
aseméllaste como a miña man sobre a miña man
soérgueste como a madeira e o vento

estrela
púlsar

a delgada liña que separa estoutra vida
de ti

e a min venme trabando nas esquinas e non levo patróns

venme pobrísima asindo pola man case como carencias de ti
eu, que se fago isto é porque non son arpa, nin *cello*, nin tempo
son
nin electricidade
nin pedal
na miña fastosa pobreza

namentres ti me amas
podería dicir que vou namorada dela
que non outra cousa hai
namorada dela
arco
dela
dolce
dela
milagre
único milagre
das creacións que nos foi dado crer

segunda pel que me arrancas a tiras
que me escoces aquí que me alzas aquí
para abandonarme consumida, suando, sen recoñecerme
que vivo pendente de ti
alimento
caricia
signo

meu amor analfabeto
meu grave amor

e déixasme sen deixarme
porque sábe-la arte de seres simultánea
i eu
eu
tan só teño esta vida para terte

amada
armada
miña señor

consólame do teu consolo
despóxame de canto son

eu son
ti son

pero é que ademais
canto te amei
canto
canto te amo
canto
canto canto
canto
canto

ritmo

algo púxote a andar
era unha noite, non máis noite ca ningunha outra
pode que fose noite dentro do día

algo pequeno, unha noz de sensores
cando a tocaches a noite se abriu como as granadas
como as grandes augas
o sentido do que sentes

un dous- sei o que sentes
tres catro- as nosas avoas recollían cereal no mesmo campo
cinco seis- paxaros, cristais de xeo
sete oito- bucear esta arteria desaparecida
nove cero- lanzar esta sonda

as bacterias poden vivir 250 millóns de anos nun trozo de sal
elas coñecerante a ti, pero non eu
as miñas bacterias provocarán a túa enfermidade

qué facer con quen se aferra a esta vida e pon o oído coma nun
tambor
a cada pulsación estás máis lonxe da inmortalidade
mais podes ser amado, lambido, libado
succionado como un peito de venus propicia
unha e outra vez, unha e outra vez
e unha máis
e outra

todo o anterior é aplicable a calquera salvo ás estrelas que
posúan unha masa de ata 40 veces a do sol
escoita
sente
cómo me vou achegando
cómo cascos de cabalos fabricados a sangue
cómo aceleración

un dous- sei o que sentes
tres catro- as nosas avoas recollendo xuntas o cereal
cinco seis- osaturas, cristais de neve
sete oito- bucear esta arteria desaparecida
nove cero- chegar a ti

a célula é a unidade universal de vida
e herdarás a terra
para ser vehículo de unidades que te sobrevivirán
herdarás a terra
a cambio do equinoccio e da cópula

pon o oído nesta marea, nesta sirio que arrastra inundacións,
neste legume, neste monzón, neste ovo de ave, nesta palabra
que abre unha porta, migratoria, círculo, besta en celo
o sexo non era centro
senón circunferencia
este é o ritmo que pagamos como tributo á inmortalidade
este é o infinito que transmitimos aos nosos fillos infinitos

un dous
un dous

ámao

sen título

a música está en nós como a auga está no cántaro de barro
no barro mesmo do cántaro, pese a que o cántaro
esteá baleiro

sen título II

algo que camiña dentro de min
algo que anda dentro dentro

un dous
un dous

as miñas pisadas formarán unha partitura
que a alguén, mesmo a ti, será dado ler

Fantasia para chelo e orquestra (allegro espressivo)
Héitor Villa-Lobos

se hai que morrer será contigo entre os brazos

porque existimos

porque o coágulo de ti é como a noite *cello* que eu suxeito entre
as pernas cando levo medo.O medo lévase
forte entre as pernas

porque existimos

porque esiximos
estar de contravolta e non saber expresar
pero ti
se a morte existe como existes ti, como eu existo

entón a mor
te
non existe
máis nun
ca máis

só ti entre brazos que son meus
pernas que son as miñas
miñas como existencias

e é música todo canto resta
todo canto resta o é

reseña do libro vermello

O libro vermello vive proscrito nalgún pregue da anatomía da autora. Sae de cando en vez do seu mudo asombro. Da súa mancha. Perenne.

No panorama literario da ilustre autora sobresaee eterna, inmutable...

Quen do torrente sanguíneo fai a súa letra, quen escribe invisibles para o ti ninguén, presentimento que se sente *antes* de terte concibido.

Quen quixera tocar a stella splendens coa súa voz, aínda manchada do primeiro corte. Aínda.

...para converter nun portentoso relato dos movementos do corazón humano...

Cómo prefigurar unha existencia e seguir mirando aos ollos dos homes. Cómo poñer diante o adverbio diante. Se a combinatoria coa vida deixa poucas regandixas.

A entrada ao Paraíso está descrita marabillosamente...

Pero sabes que de chegar a ti non será precisa unha soa letra máis nesta vida. Sábelo. Que eras serás ti o único libro vermello posible. Ti. O innumerable. A materia da que están os soños feitos.

O que me decidirá.

Ou non.

I eu decídote.

clons

amor meu

ou é que non se pode dicir nun poema
amor meu

ou é o sol por repetido menos sol

ou é a folla por sempre igual
menos crible

as cousas que di

primeiro hai un caos.
as belezas son insoportables. arráncannos a mordiscos desta
terra.
non hai que facer nada por evitalo e os obxectos son pequenos.

a tinta que gotea na auga é igual ao pensamento.
todo o leite que se sae por fóra é máis ca unha reacción
química.
un sortilexio unha pantomima.
eu levo no ventre o que levou maría arden.
por detrás de cada palabra eu sempre vou ser eu.

paolo ucello canta. as mulleres chinesas corren polo segredo da
escritura.
pois o home fíxose home devorando outros homes. todo estaba
na
devoración.
pintaime.
cantos campos de cereal polos que puiden ter rodado!
e nunca, nunca verás o crepúsculo de hoxe, igual eu perdinme a
destrucción de sodoma. de nada serve rezar.
máis para quen non sabe escribir máis que oracións.

quen está horas e horas ante un espello ou ante un libro
constrúe os mesmos predicados no insomnio.

mentres todo isto, o científico hindú Jayant Narlikar suxire que o
universo que observamos podería ser un máis dos moitos
universos en expansión
ousa facer analoxías coa auga que ferve na que unha burbulla
equivalería a un universo
mentres todo isto, ti inmensamente

a muller maia predíxome
o cazador do urso branco soñoume antes
na primeira intención do átomo xa había algo da miña forma de
ollar

tamén xonás no ventre da balea imaxinouse no universo

deixar sen coñecer tanto xogar fabuloso

o que eu daría porque ti me informases puntualmente
ti, que verás cousas que eu non crería

estou ben nesa foto
agora levo unhas trenzas para escoitar a A. Copland

algunha vez andei namorada de ismael no pequod
e creo que do pequeno jim

o mundo ábrese na noite, dime, ¿non o pensaches algunha vez,
queridísimo estragón?
agarda, lesme porque queres ser analfabeto, por desandar, por
desler, por desencontrar

o que daría porque ti me quixeras, mesmo que fose unha pisca
sempre sairía a bailar contigo

as caixiñas. a cor branca. un libro todo branco, todo branco. un
libro branco. un libro branco para isidore. para ismael. arthur.
¿e inés, e sandra, e samuel? ¿e guillermo? ¿e emilia, e susana?
pois non amo tanto a literatura.

non se debe pensar nestas cousas. non se debe.

dáme a man, sexas quen sexas, amado branco, e vén comigo.
teño todas as palabras que hai no mundo para ti.

instruccións

achégate. non fagas moito ruído. durmo.
sostén o medicamento coa man esquerda mentres a dereita o abre lentamente.

recolle a miña cabeza co dorso da túa man. se pos os teus beizos na miña fronte comprobarás que subiu a febre. no teu peito apoias a miña cabeza inflamada delirios. fóra vai un vento especial. un vento requirido.

coas mans libres termas dunha diminuta culler branca e o preparado que se verte sobre ela. murmuro cun fío de voz que este poema está equivocado. dime que cale (*cala, estás delirando*) e ponme a menciña nos labios. asegúrate de que a trago ben e volve deixarme con coidado sobre a almofada. cóntame cousas no oído, moi baixiño, só para min, para que me durma.

e pecha as cortiñas. non nos vaian ver.

salmo

teño vedado polas leis da física ser un harpa.
aínda que sei a arte de fabricar coitelos na neve coa voz.
pero en días coma hoxe de nada me serve.

coma quen quixera ser parte dun puma ou ave.
unha soa palabra soa que aparece en simbad.

pero en días coma hoxe sobre todo ser unha música enteira.
serme simultánea. intentar unha definición dela desde dentro.
meter un dedo no ritmo
sacalo manchado.
Selah.

Ao mestre de coro. Á corda. Sobre a oitava.

se ti puideses escoitalo un instante!
o único magnífico que fai o tempo é apilar para nós toda esta
música.
envéxote porque entrarás en *tempo*.

o único útil que fixeron as musas por min foi isto.
poñerme a claude nos brazos a amamantarme con boca de *mer*.

quén pinta os mapas estelares e di sol sostido
quén vai unindo as nosas vidas por detrás dos pentagramas e
susúrrame melodías tan maravillosas que quero morrerme, non
hai min, nada doe, nin tempestade, só lux aeterna prendida a
un fósil descarnado, só doce poesía pagá

a intrusión
esta é a única intrusión posible
meter un dedo no salmo

sacalo manchado de posibilidades

pero

agora hai unha luz
i eu ofrézome
ofrézome para ser carne deste motivo

non debo moverme. todo se move ao meu redor como nunha
orquestra de autómatas. quen vai no centro acusa e comprende
todo entón. sente todo entón.
as súas mans xa non son mans por máis tempo. a desfiguración
como un novo nacemento. no ventre dunha branca, como un
feto despoboándose de todo recordo anterior.

ata aquí non había nada.

Rangpur (Bangladesh)- Cidade (155 964 hab.) xunto ao río Tista, 160 km. ao noroeste de Mymensingh. Mercado de arroz, iute e tabaco. Industrias téxtiles e alimentarias.

Hai unha muller nunha escola de Rangpur. A muller colle un atlas do mundo e no glosario final de cidades detén o seu dedo manchado de arroz sobre a que ti vives. Imaxina a alguén consultando un atlas detido sobre a cidade de Rangpur.

Maneira que teñen as almas de saudarse sen que os pesados corpos se decaten.

diálogo entre pandora i eco

Para poñer boca ás miñas bocas escollo á ninfa Eco, que é como a derivada do acto mesmo de dicir.

Entón eu elixirei a Pandora, capaz de gardarse a si mesma nunha caixa bárbara

ECO:...dóenme, dóenme terriblemente

AUTORA: O que? O que che doe?

ECO: estou cansa. Vivo nunha estación que se me repite.

AUTORA: falabas dunha dor.

ECO: dunha dor. Dóenme como se fosen ascuas vivindo unha vida de entraña. Tampouco é exactamente iso. Ás imaxes tamén lles sucede o mesmo.

PANDORA: aos tropos, aos ola que tal.

ECO: todo invadido, todo inzado. Eu retórzome.

PANDORA: asistir a todo iso cunha paciencia infinita.

ECO: dóenme os verbos de tanto usalos, dóenme as cicatrices de tanto deixalas cicatrizar a ver que pasa.

AUTORA: que acontece coa información?

ECO: pésame, pésame terriblemente e non serve para nada. Eu son a repetición cara o infinito, o exceso de comunicación é un factor que distorsiona.

PANDORA: eu gardo pandemias comunicativas semellantes a estas baixo chave.

ECO: confusión entre falar e sobrepasar, entre descubrir e estropear. Os meus ósos.

PANDORA: todo está mal dende o principio, sen embargo, Eco, non me podes negar a marabillosa maraña que é esta.

AUTORA: os científicos din que non somos máis que a carcasa, o vehículo das verdadeiras inmortalas: as células sexuais.

ECO: os científicos son poetas condenados.

PANDORA: a ciencia é un xogo de espellos encontrados.

AUTORA: xa coñezo esa imaxe, non é nova.

PANDORA: as imaxes son espellos encontrados tamén.

ECO: eu son o espello encontrado máis fermoso do mundo.

AUTORA: e sen embargo queixábaste

ECO: dóenme terriblemente. Ninguén sabe nada. Esta babilonia é como un froito, non se pode devorar así.

AUTORA: non son apocalíptica.

PANDORA: a apocalipse é o espello encontrado máis chameante do mundo.

ECO: a puta de babilonia tiña razón en todo.

AUTORA: onde podo atopala?

PANDORA: agora que os seus seos colgan coma xardíns?

ECO: agarda, todos amamos algo que non ten nome e que *non debe telo*. A comunicación é un acto atroz, invisible. Só no silencio se pode escoitar o eco que me perdura.

PANDORA: pero toda exuberancia condúcenos á beleza. Houbo un home que gravou algo así nalgures.

AUTORA: se encho todas as paredes de min, onde quedo eu?

PANDORA: cuestión de raíña de xadrez: se me movo cara todas partes, onde vai o meu reino?

AUTORA: os homes buscan a inmortalidade.

ECO: buscan o graal.

PANDORA: buscd.

AUTORA: algunha vez houberon de se perder todas esas cousas.

ECO: xa non sei de qué estamos falando. E de que serviu? O sol segue a xirar, as ratas seguen a amamantar catro mil fillos, o óxido segue mordendo tanto utensilio. A lingua é como un tumor sobreexcitado.

AUTORA: os tumores son un afán desbocado de inmortalidade.

PANDORA: outra vez co mesmo. Vou meter na caixa.

ECO: o único verdadeiramente terrible é non poder volver a ver babilonia.

Ou narciso. Pois é unha tan fráxil cuestión.

AUTORA: ás veces a lingua sábeme mal dentro da boca.

PANDORA: os homes estades enfermos de linguaxe. Pero non temas: toda a beleza do mundo é froito da enfermidade. Da mutación. Dos actos impuros.

ECO: deberías calar.

PANDORA: deberías repetir canto eu digo.

ECO: xa está todo dito.